

Por MANOEL ORESTES

O LISTEIRO ESCRIBIU: NON PRESENTADO

As cinco da mañá o espertador estremecéu os recunchos do carto. A mau autómeta do Sidro preméu na chave e a luz feríu as meniñas do matrimonio. A Sara incorporóuse alporizada, como ferida por un lóstrego. O seu home deu meia volta conscente do benestar que estaba a punto de rematar.

- Érguete. Vas perder o "Bus".

- Cinco minutos máis. Quero apurar as posibilidades todas. Quén me dera poider durmir outras dúas horas. . .

- Mañá, que é festa, aprovéitaste. Telo ben gañado !

Un día e outro día e sempre o espertador co seu ruído metálico. Tanto tiña que venteara, que chovera ou que o barómetro marcara negativo.

O Sidro deleitábase semiesperto, relaxado, acarón do calor sesual da súa dona. Por qué non había ser conscente, cada segundo, cada intre, perante as cinco horas de sono, do placer do descanso gañado a prezo da entrega total ó esforzo físico ?

No carto pequeno os dous filliños, o Ramoncillo e o Rubén, durmían enguriñados no cativo oco dos seus leitos. As meixelas rubias, respirando rítmicamente e quén sabe con qué soños inocentes de bandullíños fartos, que non sabían da traxedia cotián do pai, forzoso practicante do pluriemprego e da mai que lles facía ~~xx~~ camisolas, pantalenciños, abrigos e tiña as pernas rebentadas de rumbar no mercado e os ollos cansos de mirar prezos pra cadar as súas compras coas posibilidades monetarias da carteira.

Un bico tan rápido como afectivo e un lixeiro troupeleo polas <sup>es</sup>leiras que se estalicóu na rúa hastra facerse imperceptíbel, ficaron tras do Sidro, que unhos intres dempóis, rubía ó "Bus" en marcha.

Semáforos ámbar, rúas e mais rúas; obreiros amoreados, xente que rubía nas paradas, máis xente, e máis, e máis. Un frenazo e a masa humá que se amontoaba por obriga brutal... e máis pasaxeiros que seguíñ ateigando ocos imposibres...

- Pasen prá parte dianteira, por favor, señores !. Teñan a bondá ! No interior hai sitio !

Outro frenazo.

- Ise condutor é un carreteiro !

- Faino adrede pra amorearnos !

- Que poñan máis servizo !

- E aínda pagar pra que nos leven coma morralla !

No centro da cidá o Modesto recolle ó Sidro cada mañá. En doce minutos prántanse na fábrica. De cedo inda o tráfico non afoga. O inverno é cru prós motoristas. O frío corta os beizos e fai bagoar os ollos. Pero iles abríganse ben. Gracias ó amigo pode durmir meia hora máis cada día. O traballo está lonxe. A vivenda, que lle zugóu os aforros todos, téna nun arrabaldo. Un obreiro non poide vivir onde lle pete. Catro paredes son moi caras na ~~ciudá~~ Gran Cidá.

Os meniños do Sidro seguirán a dormir. Os do Modesto tamén. Il é pai de dúas meniñas e un neno de sete anos. A muller do Sidro estará sentada ó quente no leito, facendo de maus. A do Modesto quedóu enferma e con febre. O andacio do gripe iste ano é xeral.

- Non recordo outro ano coma iste.

A longa autopista recúa e ábrese a oitenta por hora. Turismos, "Buses" e motos fan o seu camiño. Naquela hora sempre son os mesmos. Xa se coñecen.

- Olla que ven o tolo do Citroën ?

- Xa o vexo. Aló no cruce atoparemos o "Bus" das 5.45.

- Aquil home é un "chulo". Onte por pouco non esfaragullóu

ó Paco.

- Hai que levar moito tento coil. Soio coñece a lei do máis forte.

A moto sigue medindo asfalto. Perto do cruce o contakilómetros escomenza a mingoar....Setentacinco, setenta - estaban a advertidos - sesentaoto, sesentacinco, sesenta.

- Aló ven.
- Xa nos viu
- Parece que para.
- Sí
- Non para !
- Frena !!
- Cabrón !!!

No taller o listeiro escribiu: Isidro Salgado: Non presentado. Modesto Vilariño: Non presentado.

Os meniños seguían a dormir, a Sara<sup>a</sup> traballar no labor de maus e a do Modesto deliraba cunha empastramada de ferros, latas, rodas, osos e sangue.

### FAI TRINTA ANOS QUE CHEGOU A GRAN CIDA

Inda era pequeno. Nela medróu, loitóu, fíxose home. Formóu un fogar e enxendróu fillos. Coñecéu estreiteces e case que fames perante longos monótonos anos, dempóis dunha guerra noxenta entre irmáus. Chamóu nas portas de infindas concencias en percuo dun posto de traballo que soio se conquería con padriños... Leu moitas ducias de anuncios nos xornaes locais hastra que, ó fin, atopóu emprego. Erguéu unha casa feita de horas "estra" e sudas. Endexa-máis fallóu á súa laboura nen se retrasóu no horario. Cumpríu cos xefes e os compañeiros. Il sempre co sorriso nos beizos. Todos lle queren e chámanso polo nome:

- Benito, cómo che vai ?
- Vai ben. Vai ben.
- Benito, bótame unha mau !
- Benito, espreita que che diga !
- Benito, istas festas virás traballar, que hai pedidos urgentes !

- Bito ! Benito ! ....

Tén unha afición: O fútbol. Craro que samente vai ó estadio cando xoga o "Celta". Duas ou tres veces no ano. É un bencello patriótico. Cando gañan os de Vigo, o Benito sintese ~~extremamente~~ orgulloso da súa caste. Cando perden, abanea a testa resinado .

- Qué lle vamos facer ? Fixeron o que puideron.

O Benito sigue sempre o mesmo. Os seus compañeiros aseguran que é un cortezo de pan.

Chegou a unhos aforros e no mes de Sant-Iago vai ó seu pobo. Perante as vacaciós madruga e, pola noite, é o derradeiro en ir ó leito.

- Quero empaparme da terra, contéstalle á súa dona cando lle pregunta: Por qué te ergues tan cedo ?

~~Exxultante~~ Novamente na Gran Cidá xa leva unha tempada que se queixa dos rils. Os médicos dixéronlle que é cousa sen importancia; pero debe ingresar no hospital. Unha semana e tornará ó seu f lar forte e sano. Inda é novo. Ten moito camiño por diante. Casará os fillos, será padriño dos netos, mercará unha casaña na aldea que o viu nacer, collerá o retiro e morrerá na Terra ! Con tal idea esfórzase na vida e vive feliz.

Habitación quinientas trintacinco. As enfermeiras van e ven. Unha sobredosificación, por nugalla dunha delas, produxolle un shock e o Benito delira:

A súa aldea ~~é unha~~ nadal, lonxana, baixo o lume do sol agostador nun ceo azul, bota a sesta arrolada polas cantigas das chicharras e dos grilos.

Na Gran Cidá un militar estranxeiro leva collida da mau ~~un~~ unha muller nova, en dereitura do moblé. Con lixeiro camiñar atravesan a rúa, deixando tras deles o Snackbar iluminado por fluorescentes verdes, marelos e roxos, embazados polo fume do tabaco rubio.

Os compañeiros felicítano: Benito, gañou o Celta e seguirá outro ano na división de honor !

Os coches renquean e saloucan inquedos na caravana domin-gueira.

O tren chega á sua terra remendada por leiras de pan, de millo, carballeiras, lameiros e soutos, que esbaran cara as augas limpiísimas do río, cubizosos dun retrato.

Inda non voara endexamáis e rube nun helicótero. O motor párase e o trebello cai en picado na Gran Cidá, que se axiganta coma un monstro pra engulilo esfachicado en mil anacos.

O seu fillo ceiba un berro de morte tripado pola besta, que o guindóu no chau inzado de culebrós e sapos.

Chegóulle o fin ó emigrante galego. O coitado Benito inda escoita, mesturadas cos arrepiós febriles, as enlouquecidas verbas epiléticas da sua Mariña:

- Foi a enfermeira. Matáronme o home ! Foi ela, sí ! .... Beniiiiito !!!

#### BAIXA VOLUNTARIA

Q Agostiño sabía ben a cras de home que il era. Sabía que<sup>o</sup> Moncho, seu curmáu, tiña bos sentimentos. Que , se ben era certo que furtara na tenda do Moisés, fora pra susistir; porque na Gran Cidá, apesares dos miles de fábricas e talleres, non atopara un posto de traballo fixo.

O Moncho era pequeno il, esmirriado e con folgos miudos. Cando un contratista lle daba "horas" aproveitábaas e cumpría con ilusión de conquistar un emprego seguro. O endebre manobra suaba a pelo e doíanlle os rils mais non folgaba un intre. Tiña as maus encallecidas, queimadas polo cemento e o xiso. Tornáranselle grosas e enquilosadas. Enzoufado na areia e os materiais de construción , xantaba cos compañeiros, unha barra de pan con touciño ou a eterna tortilla de dous ovos. Pola noite caía ~~xxxxxxx~~ estambullado no leito, magoado e dorido nas carnes zugasadas e os osos descalcificados.

Pero traballaba por tempadas e, contra a súa conciencia, por veces víase obrigado ó furto pra poder xantar.

O Agostiño facía tres anos que abandoara o pobo e, tamén il, pasara por moitas mágoas denantes de entrar de pión nunha fábrica, onde, tras un cursiño de promoción, chegara a operario soldador. Estaba ben mirado e podía atender as necesidás da familia, botando ~~á~~ doce horas diarias por mor de grandes pedidos con destiño á exportación.

O Diretor de fabricación determinóu ampliar a plantilla e así foi como o Agostiño conqueriu emprego pro seu curmáu. E o ~~rapaz~~ <sup>Moncho</sup> enxergando as portas do porvir francas, sentiuse feliz por primeira vegada.

De pe, acarón do torno, cumpría coa súa tarefa, satisfeito, sen outra aquela que facer as pezas necesarias pra gañar a prima. Os ~~á~~ poucos días xa superaba a produción esixida pola Sección de Tempos.

Rolaron duas, tres, catro semanas. O Agostiño estaba orguloso do seu parente. Era cumpridor. Il xa o sabía. Non o ía facer quedar mal. Se tiña feito algunhas falcatruadas, fora pra escorrentar a ~~í~~ fame. Soio quedaba unha dúbida. A Empresa habíase ~~á~~ informar. Esborrallariase todo? Abondaría con que o Agostiño recomendara ó rapaz ?

- Iestas noites non durmo. Pódelo crér. Non fago máis que cavilar na posibilidade dunhos informes desfavorabels.

- Coido que, vindo da miña parte, non pescudarán ren.

O "Bus" das 5,25 non ~~chegaba~~ daba chegado. Eran as 5,40 e ..

- Taxi ! Taxi !

Os semáforos coutaban o camiño. Era imposible chegar a tempo. Fichóu un minuto tarde e decatouse que o Xefe de Taller ollábao de maneira desaforada. O Moncho non comprendía que o xefe lle puxera tan mala cara por un minuto;....

- Madrugaréi máis. O "Bus" das 5.10 será máis seguro !

Estaba preparando o torno cando ouviu que lle berraban ás costas, tuteándoo por primeira vegada:

- Vai áx oficina, Moncho !

O Xefe de Persoal tiña cartos riba da mesa e un recibo nas maus:

- Firma a Baixa Voluntaria !

- E logo, non están contentos de min ?

- Inda o preguntas ?

- Non cumplo ? É baixo o meu rendimento ? Teñen queixa de ~~min~~ min ? Cheguéi un minuto tarde; pero non foi miña a culpa. Vostede viume ~~min~~ baixar dun "Taxi". Estiven agardando o "Bus" das....

- Eiquí non admitimos ladrós ! Firma !

- Eu non son ladrón !

- Os informes non minten !

- Algunha vez apropiéime do xantar indispensable pra susistir!

Non roubéi !

- O teu Contrato finóuse !

Acedamente as bágoas, en arroiada, anegaron as meixelas do rapaz. O corazón batíalle forte. Unha néboa mesta facíalle ver todo arredor cal se de súpeto caera nunha esmagante miopía.

- Vostede e a Sociodá ~~existente~~ espétanme na lama e na fame !

Quero traballar ! Seguir no meu posto ! Teño un Contrato !

- Firma a Baixa Voluntaria, ondenón, chamaréi a Autoridá !

É sábado. Pola serán o Xefe de Persoal vai á eirexa e confésa. Amóstralle ó crego o recibo firmado por saldo e finiquito Voluntario:

- Apesares de tratarse dun ladrón, fíxenlle unha liquidación folgada.

O confesor, admirado de tan bos sentimentos dalle a ausolución e o home participa relixiosamente na Eucaristía. Válelle pró domingo, que se desplazará coa familia pra descansar lonxe da Gran Cidá.